

Convocatoria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias para o día 17 de xuño de 2026.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Presidencia debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, en sesión **ordinaria**, para o **día 17 de xuño de 2026**, ás 16:30 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2026/31R/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de maio de 2026.

2. 2026/10279J PRESIDENCIA

Cambio de data da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial correspondente ao mes de xullo de 2026.

3. 2026/8460D PRESIDENCIA

Reversión do dereito real de uso da finca "O Caudillo" (Centro de Educación Ambiental e Albergue "As Corcerizas") a favor do Concello de Vilar de Barrio.

4. 2026/4207B PRESIDENCIA

Desistimento do procedemento de contratación do servizo consistente na asistencia técnica para a execución do "Plan de actuación integrado Ourense Sur", cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa de Desenvolvemento Urbano Sostible do Programa

Operativo Plurirregional de España (2021-2027).

5. 2026/4434P PRESIDENCIA

Desistimento do procedemento de contratación do servizo consistente na asistencia técnica para a execución do “Plan de actuación integrado Valdeorras polos Camiños do Sil”, cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa de Desenvolvemento Urbano Sostible do Programa Operativo Plurirregional de España (2021-2027).

6. MOCIÓNS DE URXENCIA.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.